



Resolución do vicerreitor de Titulacións e Internacionalización de 13 de xaneiro de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras dos incentivos á participación nas enquisas de avaliación da docencia polo alumnado (AVALIEMOS) da Universidade da Coruña para o curso 2025/26

1. Obxecto.....	1
2. Incentivos individuais: sorteo	2
2.1. Participación	2
2.2. Sistema de ponderación	2
2.3. Incentivos do sorteo.....	2
2.4. Procedemento e comunicación.....	3
2.5. Desfrute dos premios.....	3
3. Incentivos colectivos: recoñecemento institucional	3
3.1. Categorías do recoñecemento.....	3
3.2. Ámbito temporal.....	4
3.3. Criterio de cálculo	4
3.4. Comunicación e entrega	4
4. Anonimato das enquisas.....	4
5. Aceptación das bases	4
6. Órgano competente e interpretación.....	5
7. Revisión de datos.....	5

1. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular exclusivamente os **incentivos á participación do estudiantado** nas enquisas de avaliación da docencia (AVALIEMOS) da Universidade da Coruña (UDC), correspondentes ao curso académico 2025/26, co fin de promover unha participación suficiente e representativa que permita mellorar a calidade da docencia e dos títulos.

A participación do estudiantado nas enquisas é voluntaria e anónima, e a eventual participación nos incentivos regulados nestas bases non altera nin compromete en ningún caso o anonimato das respostas, que serán tratadas e analizadas exclusivamente de forma agregada pola UDC.



Os incentivos previstos estrutúranse en dúas modalidades:

- **Incentivos individuais**, mediante sorteo entre o estudiantado participante.
- **Incentivos colectivos**, mediante recoñecemento institucional ao centro e ás titulacións oficiais de grao e mestrado que acaden unha maior porcentaxe de participación do alumnado.

2. Incentivos individuais: sorteo

2.1. Participación

Poderá participar no sorteo de incentivos individuais o estudiantado matriculado na UDC no curso académico 2025/26 que:

- a) Cubra completamente, cando menos, unha enquisa de avaliación da docencia (AVALIEMOS) dentro do período oficial de realización.
- b) Autorice expresamente a súa participación no sorteo marcando a opción habilitada en cada enquisa que complete.

Cada enquisa validamente cuberta e asociada á autorización da participación no sorteo dará lugar a unha participación efectiva.

2.2. Sistema de ponderación

O estudiantado poderán obter tantas participacións como enquisas cubra completamente. Non obstante, en ningún caso unha mesma persoa poderá resultar premiada máis dunha vez, con independencia do número de participacións obtidas.

2.3. Incentivos do sorteo

Os incentivos individuais consistirán, entre outros, en:

- Matrículas gratuítas en cursos organizados pola UDC, como, por exemplo, cursos do Centro de Linguas, cursos de extensión universitaria ou cursos de verán.
- Bonos deportivos da UDC, de carácter anual.
- Insignias de preferencia para acceder a cursos do CUFIE ou doutros servizos da UDC.



O número e a tipoloxía concreta dos premios publicaranse na web de AVALIEMOS con carácter previo á realización do sorteo, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria existente.

2.4. Procedemento e comunicación

O sorteo realizarase unha vez finalizado o período oficial de enquisas AVALIEMOS do curso 2025/26 (xullo de 2026), mediante un procedemento aleatorio, entre o conxunto total de participacións válidas rexistradas.

Seleccionaranse tamén **dúas persoas suplentes por cada incentivo sorteado**, que substituirán ás persoas premiadas nos casos previstos nestas bases, seguindo a orde de selección establecida no sorteo.

As persoas premiadas serán contactadas a través das súas contas de correo institucional e deberán aceptar o premio no prazo indicado no texto da mensaxe. En caso contrario, procederase á asignación á persoa suplente correspondente.

A concesión dos premios farase pública na páxina web de AVALIEMOS, sen inclusión de datos persoais identificativos.

2.5. Desfrute dos premios

Os premios deberán desfrutarse durante o curso académico seguinte ao sorteo. No suposto de que, nese curso, a persoa premiada non manteña vinculación coa UDC, este será substituído por produtos de merchandaxe institucional da UDC.

3. Incentivos colectivos: recoñecemento institucional

3.1. Categorías do recoñecemento

Establécese un **recoñecemento institucional á participación nas enquisas de avaliación da docencia (AVALIEMOS)** nas seguintes categorías:

- a) Centro con maior porcentaxe de participación.
- b) Título oficial de grao con maior porcentaxe de participación.
- c) Título oficial de máster con maior porcentaxe de participación.

Este recoñecemento ten carácter simbólico e institucional, sen dotación económica asociada, e consistirá na entrega dunha insignia dixital acreditativa de carácter institucional. Para obter este recoñecemento, o centro, grao ou



mestrado deberá acadar a maior porcentaxe de participación na súa modalidade e esta deberá ser, como mínimo, do 35 %.

3.2. Ámbito temporal

O recoñecemento terá carácter **anual**, tomando como referencia o conxunto das enquisas de avaliación docente (AVALIEMOS) correspondentes ao curso académico 2025/26 completo (1º e 2º cuadrimestre).

3.3. Criterio de cálculo

O recoñecemento concederase atendendo á **porcentaxe de participación do estudiantado na enquisa de avaliación da docencia**, calculada como a relación entre o número de enquisas cubertas e o número total de enquisas posibles en cada centro e en cada título de grao e de mestrado.

O cálculo realizarase exclusivamente a partir de **datos agregados**, garantindo en todo momento o anonimato do estudiantado.

3.4. Comunicación e entrega

Unha vez finalizado o período de enquisas AVALIEMOS do curso 2025/26, a Unidade Técnica de Calidade (UTC) determinará os centros e títulos recoñecidos conforme aos criterios establecidos.

O recoñecemento farase público a través das canles institucionais da UDC e materializarase mediante a entrega da insignia dixital acreditativa, o cal poderá realizarse nun acto institucional da UDC.

4. Anonimato das enquisas

As enquisas AVALIEMOS son totalmente anónimas e a participación nos incentivos non permite identificar nin vincular as respostas coa identidade do estudiantado.

5. Aceptación das bases

A participación no sorteo dos incentivos regulados nestas bases é voluntaria e implica a aceptación íntegra das presentes bases por parte do estudiantado participante.



6. Órgano competente e interpretación

Corresponde á vicerreitoría con competencias en materia de calidade da UDC, coa colaboración da UTC, a interpretación, aplicación e desenvolvemento do disposto nas presentes bases, así como a resolución das cuestións que poidan xurdir na súa execución.

7. Revisión de datos

No caso se detectaren erros materiais ou discrepancias nos datos empregados para a asignación dos incentivos, estes poderán ser revisados e corrixidos polo órgano competente con carácter previo á concesión definitiva dos incentivos.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
Moisés Canle López